

SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN NA ROMARÍA RAIGAME 2018

NOME E APELIDOS

MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN

CORREO
POSTAL

EMAIL

ENDEREZO

TELÉFONO

POBOACIÓN

C.P.

LUGAR Ó QUE OPTA E TIPO DE ACTIVIDADE QUE PRETENDE REALIZAR (Marcar cun X)

INTERIOR DO BURGO

Oficios tradicionais

Gastronomía ou bebidas

EXTERIOR DO BURGO

Artesáns

Gastronomía, bebidas, outros...

CONTA CON LOCAL PROPIO EN VILANOVA (Marcar cun X):

SI

Enderezo:

NON

DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE (ARTESANAL/AMBIENTACIÓN/GRUPOS):


OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE A EFECTOS DE VALORACIÓN DA PROPOSTA:

O SOLICITANTE AFIRMA TER LIDO AS NORMAS DE INSCRICIÓN E CRITERIOS DE SELECCION, ASÍ COMO AS REGLAS DE PARTICIPACIÓN NA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME, COMPROMETÉNDOSE Á ACEPTACIÓN E CUMPRIMENTO DAS MESMAS.

CELANOVA, ___ DE _____ de 2018

SINATURA DO SOLICITANTE

ANEXO FOTOGRÁFICO



A/A do Alcalde-Presidente do Concello de Celanova

NORMAS DE INSCRICIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1) A Romaría Etnográfica Raigame, que pretende promocionar a cultura tradicional galega centrando os seus esforzos na divulgación da música, o folclore e os oficios e artesanías tradicionais, primando o seu aspecto pedagóxico e cultural, ABRE O PRAZO DE INSCRICIÓN para a súa edición de 2018, co seguinte calendario:
 - Do 23 de febreiro ao 18 de marzo, ambos incluídos, recepción de inscricións no rexistro do Concello de Celanova.
 - Do 26 de marzo ao 13 de abril, comunicación aos interesados da aceptación ou non da súa solicitude por parte da Organización, así como do lugar onde serán instalados en Vilanova.
 - Do 13 de abril ao 20 de abril, confirmación por parte dos interesados do seu interese por asistir á Romaría Etnográfica Raigame.
- 2) Pechado o prazo de inscrición, a Organización realizará unha distribución dos espazos e unha asignación de local ou espazo para a súa colocación en Vilanova dos Infantes, acorde cos obxectivos da festa, en función das seguintes pautas:
 - a) Interior do burgo medieval:
 - a. Oficios tradicionais cuxos responsables realizan durante o día traballos demostrativos da súa actividade e teñen unha participación activa de cara ó visitante ó longo de toda a xornada
 - b. Establecementos dedicados ó servizo de expedición de produtos gastronómicos e bebidas tradicionais, que estarán situados naqueles locais cedidos polos veciños e asignados pola organización
 - b) Exterior do burgo medieval:
 - a. Artesáns de bixería, coiro, vidro, madeira, tecidos, etc., dedicados exclusivamente á exposición e venda dos seus produtos. Habrá **28 stands** de madeira de 3,00m x 1,50m facilitados pola organización e instalados na estrada de acceso a Vilanova para dar servizo unificado a esta demanda.
 - b. Establecementos dedicados ó servizo de expedición e venda de produtos gastronómicos e bebidas con posto propio que serán instalados na estrada de Vilanova a Santa María.
- 3) A Organización fará a selección dos oficios/artesáns participantes entre todas as solicitudes presentadas, tendo en conta as anteriores pautas de distribución e os seguintes criterios de puntuación:
 - a) Interior do burgo medieval:
 - a. Oficios tradicionais instalados no interior do burgo medieval (ata un máximo de 15 puntos):
 - i. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova

De 1 a 4 puntos por orde inversa da semana de inscrición

- ii. Execución práctica do traballo e demostración efectiva do oficio ó longo da xornada, organización de obradoiros prácticos, etc.

3 puntos

- iii. Singularidade do oficio ou artesanía respecto dos oficios ou artesanías presentes noutras edicións

De 1 a 3 puntos

- iv. Relación cos oficios tradicionais galegos e interese obxectivo da actividade para a mellora estética da Romaría Etnográfica Raigame

De 1 a 5 puntos

- b. Establecementos de produtos gastronómicos ou bebidas tradicionais (Ata un máximo de 15 puntos):

- i. Preferencia según o lugar de empadronamento

Vilanova dos Infantes ----- 5 puntos

Concello de Celanova ----- 3 puntos

Comarca de Celanova ----- 2 puntos

Outros ----- 1 punto

- ii. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova

De 1 a 4 puntos por orde inversa da semana de inscrición

- iii. Adecuación dos produtos postos á venda ó ambiente propio dunha romaría tradicional

De 1 a 3 puntos

- iv. Ambientación do negocio e das persoas que se encargarán da súa atención no transcurso da Romaría

De 1 a 3 puntos

b) Exterior do burgo medieval

- a. Para optar a algún dos **28 stands** instalados pola organización (ata un máximo de 10 puntos):

- i. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova

De 1 a 4 puntos por orde inversa da semana de inscrición

- ii. Singularidade do oficio ou artesanía respecto dos oficios ou artesanías presentes noutras edicións

De 1 a 3 puntos

- iii. Relación cos oficios tradicionais galegos e interese obxectivo da actividade para a mellora estética da Romaría Etnográfica Raigame

De 1 a 3 puntos

- b. Establecementos dedicados ó servizo de expedición e venda de produtos gastronómicos e bebidas con posto propio (ata un máximo de 10 puntos):

i. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova

De 1 a 4 puntos por orde inversa da semana de inscrición

ii. Adecuación dos produtos postos á venda ó ambiente propio dunha romaría tradicional

De 1 a 3 puntos

iii. Ambientación do negocio e das persoas que se encargarán da súa atención no transcurso da Romaría

De 1 a 3 puntos

4) As solicitudes presentadas deberán indicar con total claridade e obrigatoriamente os seguintes puntos:

- Nome comercial: *(será o utilizado no material publicitario da Romaría)*
- Tipo de oficio/artesanía¹:
- Persoa de contacto:
- Teléfono de contacto:
- Correo electrónico de contacto:
- Descrición detallada da actividade que pretende desenvolver durante a xornada, respondendo ós criterios especificados para cada caso no punto anterior.
- Informar se conta ou non con local da súa propiedade en Vilanova
- Outra información textual ou gráfica que consideren oportuna destinada a facilitar a valoración anteriormente descrita (opcional).

A omisión de información marcada como obrigatoria na solicitude poderá derivar na non admisión como participante na Romaría Etnográfica Raigame.

A confirmación de participación na Romaría implica a aceptación dos principios organizativos da mesma e que se manifestan nestas normas.

Celanova, 22 de febreiro de 2018

¹ Alimentación (produtos tradicionais); Bixutería; Canteiro; Carpinteiro; Cesteiro; Ceramista, Coiro; Ebanista; Ferreiro; Gastronomía; Luthier; Oleiro; Panadeiro; Queixeiro; Taberna; Telleiro; Tecedeira; Têxtil; Torneiro; Zapateiro-Zoqueiro; Libreiro; Outro (especificar)

REGRAS DE PARTICIPACIÓN NA ROMARÍA RAIGAME

Unha vez rematado o procedemento de selección dos solicitantes, todas aquelas solicitudes que foron seleccionadas deberán asinar un compromiso de participación regulado polas seguintes bases.

1. A preinscripción realizada durante o período aberto pola organización non outorga a autorización directa para a participación na Romaría, senón que unha vez rematado o prazo será a organización a que (en base a actividade artesanal proposta e a súa adecuación á Romaría) decida os participantes.
2. A Organización comunicará a tódolos preinscritos elixidos para participar na Romaría, o seu lugar de instalación con suficiente tempo de antelación para que poidan adaptarse ó mesmo.
3. Tódolos participantes que non obtivesen praza para participar, quedarán inscritos nun listado de reserva.
4. A Organización comprométese a facilitarlle un local ou un espazo exterior de entre tódolos cedidos voluntariamente polos veciños de Vilanova que colaboran no desenvolvemento da Romaría.
5. O artesán, persoal de oficios ou responsable do posto de produtos gastronómicos ou bebidas tradicionais participante, comprométese a instalarse nunhas condicións de máximo atractivo dentro das limitacións propias da actividade á que se dedique, co fin de incrementar o atractivo xeral da Romaría.
6. **O artesán comprométese a ataviarse, tanto el como os que colaboren con el na actividade, con vestimentas propias do oficio ou semellantes, correspondente ó tempo en que se celebraban este tipo de Romarías tradicionais (último cuarto do século XIX, primeiro terzo do século XX).**
7. No caso concreto dos oficios instalados dentro do burgo medieval, os responsables comprométense a instalar un pequeno posto de traballo no local ou espazo exterior, así como a realizar demostracións prácticas da súa actividade.
8. Os postos estarán abertos a partir das 11,00 ata as 19:00 horas, quedando a decisión do participante a potestade de mantelo aberto durante o horario do xantar, establecido entre as 14,00 h e as 16,00 h. Os establecementos dedicados ó servizo de expedición de produtos gastronómicos e bebidas tradicionais poderán permanecer abertos ata as 21,00 horas improrrogables.
9. Co fin de facilitar a instalación de tódolos postos no interior do burgo medieval e o traslado dos produtos ata estes postos, dende primeira hora da mañá e ata as 9,30 poderán acceder os vehículos ó interior do burgo, non podendo

permanecer ningún vehículo no interior ata as 19,00 horas, que será cando se volva abrir o tráfico para posibilitar a desmontaxe dos postos.

10. O artesán responsabilizarase dos danos que puidera causar no baixo ou espazo exterior cedido pola organización, cando estes sexan causados con dolo, culpa ou negligencia imputable ó artesán/participante.
11. Os responsables dos postos gastronómicos e de bebidas tradicionais comprométense a manter, o espazo próximo ao seu posto, limpo do lixo xerado polos seus clientes (botellas, vasos, papeis, etc.).
12. A organización farase responsable de tódolos aqueles danos que non estean contemplados nas cláusulas anteriores a través dun Seguro de Responsabilidade Civil e Danos suscrito ó efecto.
13. No caso de incumprimento dalgunha das cláusulas anteriores por parte dos artesáns/participantes, a organización poderá excluílos de participación nas edicións futuras.
14. A organización remitirá a cada participante unha copia das bases e da aceptación da súa preinscrición para que a teña nun lugar visible durante a celebración da Romaría.
15. O artesán concede o seu permiso para poder ser recollido en imaxes, tanto fotográficas como de vídeo ou TV, durante a celebración da Romaría.
16. De acordo ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, toma coñecemento de que os datos de carácter persoal facilitados serán incorporados a un ficheiro denominado "Raigame" que se atopa inscrito na Axencia Española de Protección de Datos e que é titularidade do Concello de Celanova.
17. A sinatura do compromiso de participación na Romaría implica a **ACEPTACIÓN DESTAS BASES DE PARTICIPACIÓN.**